



| Guía Docente          |   |                    |                    |           |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------|-----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                    | 2023/24   |
| Asignatura (*)        | Dereito do Traballo I   |                    | Código             | 760G01011 |
| Titulación            |   |                    |                    |           |
| Descritores           |   |                    |                    |           |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo               | Créditos  |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Segundo            | Obrigatoria        | 6         |
| Idioma                | Castelán  |                    |                    |           |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                    |           |
| Prerrequisitos        |   |                    |                    |           |
| Departamento          | Dereito Público   |                    |                    |           |
| Coordinación          | Ron Latas, Ricardo Pedro  | Correo electrónico | ricardo.ron@udc.es |           |
| Profesorado           | Ron Latas, Ricardo Pedro  | Correo electrónico | ricardo.ron@udc.es |           |
| Web                   |   |                    |                    |           |
| Descrición xeral      | O dereito do traballo I atópase enmarcado no 2º curso do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Comprende o estudo das fontes de dereito do traballo, da aplicación das normas laborais (principios e interpretación) e dos conflitos de traballo |                    |                    |           |

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe |  |     |                                     |
|---------------------------|--|-----|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe |  |     | Competencias / Resultados do título |
| A1                        | Marco normativo regulador das relacións laborais. .  | A1  |                                     |
| A13                       | Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.  | A13 |                                     |
| A14                       | Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.   | A14 |                                     |
| A27                       | Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.   | A27 |                                     |
| B1                        | Resolución de problemas.   |     | B1                                  |
| B2                        | Capacidade de análise e síntese.   |     | B2                                  |
| B6                        | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.   |     | B6                                  |
| B8                        | Razoamento crítico.  |     | B8                                  |
| B9                        | Trabaja en equipos.  |     | B9                                  |
| B12                       | Motivación para a calidade   |     | B12                                 |
| B14                       | Aprendizaxe autónomo.  |     | B14                                 |
| C3                        | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |     | C3                                  |
| C4                        | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |     | C4                                  |
|                           | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética                    |     | B20                                 |
|                           | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.   |     | B21                                 |

| Contidos            |  |
|---------------------|--|
| Temas               | Subtemas   |
| Tema 1.- O Dereito. | 1.1. Dereito subxectivo e Dereito obxectivo. 1.2. Dereito Público e Dereito Privado. |



|  |   |
|--|---|
| Tema 2.- O Dereito do Traballo.  | 2.1. Concepto. 2.2. Natureza xurídica. 2.3. Caracteres. 2.4. Contido e partes. 2.5. Relacións con outras disciplinas.   |
| Tema 3.- As fontes do Dereito do Traballo.                                   | 3.1. Normas comúns e normas especiais. 3.2. Poderes normativos na orde laboral. 3.4. Os sindicatos e as organizacións de empresarios.   |
| Tema 4. As fontes exteriores.  | 4.1. As Fontes Internacionais: 4.1. A) A internacionalización do Dereito do Traballo: A Organización Internacional do Traballo: os convenios e as recomendacións. As Nacións Unidas. O Consello de Europa. 4.1. B) O Dereito Internacional paccionado: os convenios internacionais bilaterais e multilaterais. 4.2. A Unión Europea. Fontes. Política social comunitaria. |
| Tema 5.- As fontes nacionais.  | 5.1. A Constitución. 5.2. A lei e as demais normas con rango de lei. 5.3. Os regulamentos. 5.4. A potestade normativa laboral das comunidades autónomas. 5.5. O costume e o uso. 5.6. A xurisprudencia.   |
| Tema 6.- O convenio colectivo.   | 6.1. Concepto. 6.2. Natureza xurídica e encuadramiento normativo. 6.3. Requisitos formais. 6.4. Suxeitos: capacidade e lexitimación. 6.5. Elaboración. 6.6. Efectos. 6.7. Contido do convenio: contido obrigacional e contido normativo. 6.8. Convenios colectivos especiais.   |
| Tema 7.-Os principios de aplicación e interpretación do Dereito do Traballo. | 7.1. Os principios de ordenación xerárquica: principios de norma mínima e norma máis favorable. 7.2. A sucesión de normas e o principio de condición máis beneficiosa adquirida. 7.3. O pacto individual e o principio de irrenunciabilidade. 7.4. A interpretación e o principio "pro-operario".   |
| Tema 8.- Os conflitos de traballo.   | 8.1. Conflitos individuais e conflitos colectivos. 8.2. Clases de conflitos colectivos. 8.3. Procedementos de solución do conflito colectivo: a autocomposición e a heterocomposición. 8.4. Medidas de conflito: a folga e o peche patronal.  |
| Tema 9.- As competencias administrativas en materia laboral.                 | 9.1. Competencias do Ministerio de Traballo e da Comunidade Autónoma de Galicia. 9.2. A Inspección de Traballo. 9.3. A xurisdición laboral.   |

### Planificación

| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Proba obxectiva        | A1 A13 B1 B2 B8 B21       | 3                                       | 0                       | 3            |
| Sesión maxistral       | B12 B20                   | 20                                      | 50                      | 70           |
| Traballos tutelados    | B9 B14                    | 9                                       | 25                      | 34           |
| Estudo de casos        | A14 A27 B6 C3 C4          | 10                                      | 32                      | 42           |
| Atención personalizada |                           | 1                                       | 0                       | 1            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

### Metodoloxías

| Metodoloxías    | Descrición  |
|-----------------|---|
| Proba obxectiva | <p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple</p> |



|                     |   |
|---------------------|---|
| Sesión maxistral    | <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia, "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p>  |
| Estudo de casos     | <p>Metodoloxía onde o suxeito enfróntase ante a descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>                         |

## Atención personalizada

| Metodoloxías  | Descrición  |
|---|---|
| Proba obxectiva<br>Traballos tutelados<br>Estudo de casos | <p>Proba obxectiva: Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.</p> <p>Mesa redonda: Técnica de dinámica de grupos en que un grupo de especialistas nun tema, que teñen puntos de vista diverxentes ou contraditorios, levan a cabo unha discusión diante dun grupo coordinados por un moderador.</p> <p>Estudo de casos: Metodoloxía onde o suxeito enfróntase ante a descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> |

## Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
|              |                           |            |               |



|                     |                     |  |    |
|---------------------|---------------------|--|----|
| Proba obxectiva     | A1 A13 B1 B2 B8 B21 | <p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p> | 70 |
| Traballos tutelados | B9 B14              | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>   | 25 |
| Sesión maxistral    | B12 B20             | <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>  | 5  |

### Observacións avaliación

Os alumnos someterase a un exame final da materia, o día e hora sinalados polo centro.

O sistema de avaliación para a 2ª oportunidade é o mesmo.

O sistema de avaliación para estudantes con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia é o mesmo.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

### Fontes de información



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"><li>- (). CÓDIGO DE LEGISLACIÓN LABORAL Y DE LA SEGURIDAD SOCIAL. Diversas editoriales (Civitas, Tecnos etc.).</li><li>- Manuel-Carlos Palomeque López y Manuel Álvarez de la Rosa (). DERECHO DEL TRABAJO. Editorial Centro de Estudios Ramón Areces</li><li>- Ignacio Albiol Montesinos y otros (). DERECHO DEL TRABAJO (TOMO I: Fuentes y relaciones colectivas).</li><li>- Ignacio Albiol Montesinos y otros (). DERECHO DEL TRABAJO (TOMO II: Contrato individual) . Editorial Tirant lo Blanch</li></ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | Â  |

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución ao Dereito/760G01001

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito Sindical I/760G01013

#### Materias que continúan o temario

Introdución ao Dereito/760G01001

Teoría das Relacións Laborais/760G01010

#### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías